



DEPARTAMENTO DE VENTO METAL

ESPECIALIDADE PEDAGOXÍA DA LINGUAXE E DA EDUCACIÓN MUSICAL

MATERIA: INSTRUMENTO PRINCIPAL TROMBÓN

OBXECTIVOS XERAIS

- Apreciar a importancia da música como linguaxe artística e medio de expresión cultural dos pobos e das persoas.
- Expresarse con sensibilidade musical e estética para interpretar e gozar a música das diferentes épocas e estilos, e para enriquecer as súas posibilidades de comunicación e de realización persoal.
- Ser conscientes da importancia do traballo individual e adquirir as técnicas de estudo necesarias que permitan a autonomía no traballo e a valoración do mesmo.
- Valorar o silencio como elemento indispensable para o desenvolvemento da concentración, a audición interna e o pensamento musical.
- Habituarase a escoitar música para formar a súa cultura musical e establecer un concepto estético que lles permita fundamentar e desenvolver os propios criterios interpretativos.
- Analizar e valorar críticamente a calidade da música en relación cos seus valores intrínsecos.
- Participar en actividades de animación musical e cultural que lles permitan vivir a experiencia de trasladar o goce da música a outros.
- Valorar o dominio do corpo e da mente para utilizar con seguridade a técnica e concentrarse na audición e interpretación.
- Aplicar os coñecementos harmónicos, formais e históricos para conseguir unha interpretación artística de calidade.
- Ter a disposición necesaria para saber integrarse nun grupo como un membro máis do mesmo ou para actuar como responsable do conxunto.
- Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa.
- Coñecer e interpretar obras escritas en linguaxes musicais contemporáneos como toma de contacto coa música do noso tempo.
- Formarse unha imaxe axustada de si mesmos, das súas características e posibilidades, e desenvolver hábitos de estudo valorando o rendemento en relación co tempo empregado.



DEPARTAMENTO DE VENTO METAL

ESPECIALIDADE PEDAGOXÍA DA LINGUAXE E DA EDUCACIÓN MUSICAL

MATERIA: INSTRUMENTO PRINCIPAL TROMBÓN

METODOLOXÍA DIDÁCTICA A APLICAR

A metodoloxía trata todos aqueles aspectos que poden axudar a optimizar o proceso de ensinanza – aprendizaxe, afectando a maneira de impartir os contidos. Estes aspectos son:

1. Organización do tempo e do espazo

Segundo as actividades a realizar, distribuíremolas cun orden lóxico e coherente, co fin de xerar aprendizaxes íntegros. Realizarase sempre unha avaliación diagnóstica, para coñecer as capacidades e coñecementos previos do alumno.

A distribución dos contidos farase sobre a base de tres campos de acción, en cada clase impartiranse:

- a) Exercicios de técnica, memorización e lectura a vista.
- b) Práctica dos correspondentes métodos e concertos.
- c) Estudo con instrumento acompañante

2. Principios metodolóxicos

- Nivel de desenrolo do alumno tomado de partida
- Aprendizaxe significativo e funcional
- Creatividade: capacidade de aprender por si mesmo
- Atención personalizada, tendo en conta a diversidade.
- Socialización: normas de conducta e de convivencia
- Interdisciplinariedade: conexión coas demais materias curriculares
- Globalización
- Educación en valores
- O entorno socio cultural

3. Métodos didácticos

Os modelos ou estratexias destinados a alcanzar os obxectivos que empregaremos con maior frecuencia, serán os seguintes:

- a) Método de proxectos, no que plantexaremos ó alumno situacións complexas.
- b) Aprendizaxe por descubrimento, no que o alumno extrae as súas propias opinións, creando un aprendizaxe subxectivo.
- c) Método científico, buscando a través de hipóteses, solucións a problemas musicais concretos, no que contrastemos có alumno distintas vías metodolóxicas con base empírica, é dicir, demostradas a través da experiencia propia e cotiá.



DEPARTAMENTO DE VENTO METAL

ESPECIALIDADE PEDAGOXÍA DA LINGUAXE E DA EDUCACIÓN MUSICAL

MATERIA: INSTRUMENTO PRINCIPAL TROMBÓN

4. Atención a diversidade

É importante asumir un eclecticismo que analice varias opcións, con distintos puntos de vista e comparando as súas diferencias e as súas similitudes, tratando de ofrecer respostas diferenciadas segundo as características peculiares de cada discente.

Terase en conta a importancia do ambiente socio cultural e familiar, que inflúen claramente na motivación do estudante, así como os agrupamentos do alumnado, con vistas a integrar os alumnos que presenten certas dificultades.

5. Metodoloxía específica

En cada curso dos que compoñen o Grao Superior, expóñense os compoñentes didácticos que serven de guía o alumno no seu estudo continuo, intentando sempre, que esta metodoloxía específica, motive e incentive o alumno, así como axude a conquistar os obxectivos marcados.

ATENCIÓN O A.N.N.E.

Debido as características propias dos estudos de Grao Superior, no que chegan alumnos novos ó centro de diferentes localidades e de diferente índole, pode ser que nos atopemos con alumnado con necesidades educativas específicas:

1. Alumnado estranxeiro, este alumnado requirirá unha atención especial, polos problemas lóxicos de idioma ou tradicións culturais distintas a galega.
2. Superdotado intelectual, xa que este alumnado posúe aptitudes excepcionais, levarase a cabo unha adaptación a programación. Así mesmo, levaranse a cabo unha serie de actividades específicas que contribúan a manter a motivación no alumno.
3. Alumnado con discapacidade. No caso de que a discapacidade sexa de tipo físico, buscarase a integración do alumno no centro, eliminando barreiras e adaptando todos aqueles recursos materiais que sexan necesarios.



DEPARTAMENTO DE VENTO METAL

ESPECIALIDADE PEDAGOXÍA DA LINGUAXE E DA EDUCACIÓN MUSICAL

MATERIA: INSTRUMENTO PRINCIPAL TROMBÓN

CURSO 1º

OBXECTIVOS

O ensino do trombón no Primeiro curso do Grado Superior L.O.X.S.E. terá como obxectivos contribuír a desenvolver nos alumnos as capacidades seguintes:

- Perfeccionar na súa totalidade as capacidades artística, musical e técnica da trombón.
- Abordar a interpretación do repertorio de trombón aplicando os coñecementos musicais adquiridos: histórica, formal e estéticamente.
- Interpretar un repertorio solista que inclúa obras representativas das diversas épocas e estilos, de dificultade adecuada a este nivel e en público.
- Preparar, controlar e dominar a execución solista en público como un proceso de aprendizaxe imprescindible para a tarefa de concertista.
- Aplicar ao repertorio solista os criterios interpretativos vixentes nos diferentes períodos da historia da música e a súa evolución estilística.
- Estudo do repertorio con instrumento acompañante.
- Elaborar criterios persoais e razoados sobre cuestións estéticas que lle permitan cumprir coa súa responsabilidade como intérprete.

CONTIDOS

Os contidos presentan unha triple natureza:

- a) contidos conceptuais
datos memorizábeis, conceptos, principios ou regras.
- b) contidos procedimentais
conxunto de accións ordeadas para levar a cabo un traballo final.
- c) contidos actitudinais
educación en valores, actitudes adoptadas, principios e conducta.



DEPARTAMENTO DE VENTO METAL

ESPECIALIDADE PEDAGOXÍA DA LINGUAXE E DA EDUCACIÓN MUSICAL

MATERIA: INSTRUMENTO PRINCIPAL TROMBÓN

A grandes rasgos, estes contidos son:

- Dominio na execución técnica do trombón en toda a súa extensión.
- Dominio en todo o referente á articulación, dinámica e dixitación.
- Dominio das diferentes convencións interpretativas de todas as épocas, cunha especial atención á escritura da música contemporánea.
- Estudo do repertorio solista do instrumento, adecuada a este nivel.
- Estudo dos exercicios, métodos, obras de concerto, e de cámara que se consideren imprescindibles para o dominio da capacidade musical do alumno en relación ao trombón.
- Aplicación dos coñecementos musicais e técnicos do trombón na execución do repertorio solista.
- Interpretación consciente a través da comprensión das estruturas musicais.
- Lectura a vista de obras ou fragmentos adecuados ao nivel.
- Adquisición de hábitos de estudo correctos e eficaces.
- Adestramento permanente e progresivo da memoria.
- Estudo do repertorio solista desde a análise e comprensión de diferentes versións de grandes intérpretes de todos os tempos, para a súa posterior interpretación en público.

Os contidos mínimos exisibles son:

- Dominio na execución técnica do trombón en toda a súa extensión.
- Dominio en todo o referente á articulación, dinámica e dixitación.
- Estudo do repertorio solista do instrumento, adecuada a este nivel.
- Estudo dos exercicios, métodos, obras de concerto, e de cámara que se consideren imprescindibles para o dominio da capacidade musical do alumno en relación ó trombón.
- Lectura a vista de obras ou fragmentos adecuados ó nivel.
- Adestramento permanente e progresivo da memoria.



DEPARTAMENTO DE VENTO METAL

ESPECIALIDADE PEDAGOXÍA DA LINGUAXE E DA EDUCACIÓN MUSICAL

MATERIA: INSTRUMENTO PRINCIPAL TROMBÓN
RECURSOS E MATERIAIS DIDÁCTICOS

ESTUDIOS

- J.B.ARBAN .Estudios característicos.
- H. COUILLAUD. 30 estudios modernos
- J.NAULAIS estudios variados volumen 3
- S.VASILYEV.18 estudios.
- J.ROCHUT, volumen 1.

OBRAS DE CONCERTO

- Sonata para Trombón e Piano de Sulek Stejephán
- Concerto en Fam, para Trombón e Piano de George Frederick Handel
- Fantasías 1,2,3 para Trombón só de G. Ph. Telemann
- Suite Nº 1 para Trombón só de J. S. Bach
- Morceu Simphonique A.Guilman.

O profesor poderá escoller outras obras dunha dificultade semellante se o considera oportuno.

RECURSOS MATERIAIS

Material visual

Pizarra, atril, espello

Material audio

CD

Material audiovisual

DVD, PC (portátil)

Material específico

Afinador, metrónomo, sordinas, piano

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Interpretar públicamente obras solistas de estilos e épocas diferentes e adecuadas ao nivel. *Con este criterio preténdese avaliar a capacidade do alumno para desenvolverse con autonomía no escenario e ante un público, así como a adecuación interpretativa ao carácter e ao estilo da música interpretada.*



DEPARTAMENTO DE VENTO METAL

ESPECIALIDADE PEDAGOXÍA DA LINGUAXE E DA EDUCACIÓN MUSICAL

MATERIA: INSTRUMENTO PRINCIPAL TROMBÓN

- Mostrar nos estudos e obras, a capacidade de dominio na execución sen desligar os aspectos técnicos dos musicais. *Mediante este criterio preténdese avaliar o coñecemento que o alumno posúe do repertorio do trombón e das súas obras máis representativas, así como o grado de sensibilidade para aplicar os aspectos técnicos, teóricos e estéticos no seu execución.*
- Demostrar na interpretación unha autonomía necesaria e de acordo cos criterios do estilo correspondente. *Este criterio pretende comprobar a capacidade do alumno na liberdade de interpretación dentro do respecto ao texto e o seu concepto persoal estilístico da obra.*
- Demostrar nos estudos e obras, a capacidade de resolución de problemas técnicos e interpretativos e a súa aprendizaxe progresiva. *Con este criterio preténdese verificar que o alumno é capaz de aplicar no seu estudo as indicacións do profesor e con iso a súa capacidade de autocrítica.*
- Interpretar de memoria obras do repertorio solista de acordo cos criterios do estilo correspondente. *Este criterio avalía o dominio e a comprensión que o alumno posúe das obras, así como a capacidade de concentración e reacción ante os resultados sonoros obtidos.*

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

1. SISTEMAS DE CUALIFICACIÓN

- Avaliación continua: observación diaria e sistemática, da actitude, evolución e traballo desenvolvidos polo alumno. Os alumnos perderán o dereito á avaliación continua si as faltas de asistencia inxustificadas superan o 20 % do total das clases de cada cuatrimestre.
Este apartado suporá o 40% do total da cualificación.
- Cada alumno fará dúas audicións anuais dentro das programadas polo Departamento, nas que interpretará obras de concerto ou literatura solista programada no curso, nunha duración aproximada de quince minutos en cada unha das audicións. As obras que así o requiran levarán acompañamento.
Este apartado suporá o 40% do total da cualificación.
- Durante o curso faranse dous exames, un coincidindo aproximadamente co final do primeiro cuatrimestre e outro co final do 2º cuatrimestre (final de curso), onde o alumno presentará seis estudos diferentes dos programados nos libros e métodos do curso, realizarase un exercicio de lectura a vista, e o alumno mostrará un estudo ou obra de memoria.
Este apartado suporá o 20% do total da cualificación.



DEPARTAMENTO DE VENTO METAL

ESPECIALIDADE PEDAGOXÍA DA LINGUAXE E DA EDUCACIÓN MUSICAL

MATERIA: INSTRUMENTO PRINCIPAL TROMBÓN

2. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- Valoración da evolución: valoración diaria polo profesor da efectividade do plan de estudos do alumno, dos avances e dos problemas surxidos. Avaliación inicial, progresiva e final. *Terá unha puntuación de 0 a 10 puntos.*
- Ficha de Audicións: rexistro nunha ficha do acontecido nas Audicións desenvolvidas, reseñando as incidencias das mesmas. *Nesta ficha marcarase unha puntuación de 0 a 10 puntos.*
- Ficha de exame: rexistro nunha ficha da mostra do presentado polo alumno no exame respectivo. *Nesta ficha marcarase unha puntuación de 0 a 10 puntos*

3. PUBLICIDADE

Os alumnos terán con suficiente antelación a través do Departamento das datas concretas das Audicións e os Exames correspondentes. Así mesmo o final do primeiro cuadrimestre os alumnos coñecerán a través do profesor a cualificación parcial obtida, a modo orientativo. No segundo cuadrimestre a cualificación será xa a oficial e definitiva.

ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E REFORZO

1. PRIMEIRO CUADRIMESTRE

Os alumnos que pola súa cualificación, non superaran os obxectivos no primeiro cuadrimestre, poderán aproba-lo coa superación das diferentes probas do 2º cuadrimestre (final de curso).

2. SEGUNDO CUADRIMESTRE

Os alumnos que pola súa cualificación, non superaran os obxectivos no segundo cuadrimestre, realizaráselle unha actividade de recuperación no mes de xuño, consistente en:

- Presentación de doce estudos dos programados no curso
- Un programa dunha duración de 30 minutos aproximadamente de obras de concerto ou literatura solista programadas no curso. As obras que así o requiran levarán acompañamento.
- Un exercicio de lectura a vista
- Unha obra ou estudo de memoria

3. EXAMES DE SETEMBRO

Os alumnos que pola súa cualificación, non superaran os obxectivos do curso, terán a posibilidade de presentarse ós exames de setembro, que consistirán en:



DEPARTAMENTO DE VENTO METAL

ESPECIALIDADE PEDAGOXÍA DA LINGUAXE E DA EDUCACIÓN MUSICAL

MATERIA: INSTRUMENTO PRINCIPAL TROMBÓN

- Presentación de doce estudos dos programados no curso
- Un programa dunha duración de 30 minutos aproximadamente de obras de concerto ou literatura solista programadas no curso. As obras que así o requiran levarán acompañamento.
- Un exercicio de lectura a vista
- Unha obra ou estudo de memoria

Esta actividade valorase de 0 a 10 puntos, sendo necesaria para a súa superación un mínimo de 5 puntos.

CURSO 2º

OBXECTIVOS

O ensino do trombón no Segundo curso do Grado Superior L.O.X.S.E. terá como obxectivos contribuír a desenvolver nos alumnos as capacidades seguintes:

- Perfeccionar na súa totalidade as capacidades artística, musical e técnica do trombón.
- Abordar a interpretación do repertorio do trombón aplicando os coñecementos musicais adquiridos: histórica, formal e estéticamente.
- Interpretar un repertorio solista que inclúa obras representativas das diversas épocas e estilos, de dificultade adecuada a este nivel e en público.
- Preparar, controlar e dominar a execución solista en público como un proceso de aprendizaxe imprescindible para a tarefa de concertista.
- Aplicar ao repertorio solista os criterios interpretativos vixentes nos diferentes períodos da historia da música e a súa evolución estilística.
- Estudo do repertorio con instrumento acompañante.
- Elaborar criterios persoais e razoados sobre cuestións estéticas que lle permitan cumprir coa súa responsabilidade como intérprete.
- Coñecer as saídas profesionais e os seus requirimentos.



DEPARTAMENTO DE VENTO METAL

ESPECIALIDADE PEDAGOXÍA DA LINGUAXE E DA EDUCACIÓN MUSICAL

MATERIA: INSTRUMENTO PRINCIPAL TROMBÓN

CONTIDOS

Os contidos presentan unha triple natureza:

- contidos conceptuais
datos memorizábeis, conceptos, principios ou regras.
 - contidos procedimentais
conxunto de accións ordeadas para levar a cabo un traballo final.
 - contidos actitudinais
educación en valores, actitudes adoptadas, principios e conducta.
-
- Dominio na execución técnica do trombón en toda a súa extensión.
 - Dominio en todo o referente á articulación, dinámica e dixitación.
 - Dominio das diferentes convencións interpretativas de todas as épocas, cunha especial atención á escritura da música contemporánea.
 - Estudo do repertorio solista do instrumento, adecuada a este nivel.
 - Estudo dos exercicios, métodos, obras de concerto e de cámara que se consideren imprescindibles para o dominio da capacidade musical do alumno en relación ao trombón.
 - Aplicación dos coñecementos musicais e técnicos do trombón na execución do repertorio solista.
 - Interpretación consciente a través da comprensión das estruturas musicais.
 - Lectura a vista de obras ou fragmentos adecuados ao nivel.
 - Adquisición de hábitos de estudo correctos e eficaces.
 - Adestramento permanente e progresivo da memoria.
 - Estudo do repertorio solista desde a análise e comprensión de diferentes versións de grandes intérpretes de todos os tempos, para a súa posterior interpretación en público.



DEPARTAMENTO DE VENTO METAL

ESPECIALIDADE PEDAGOXÍA DA LINGUAXE E DA EDUCACIÓN MUSICAL

MATERIA: INSTRUMENTO PRINCIPAL TROMBÓN

Os contidos mínimos exisibles son:

- Dominio na execución técnica do trombón en toda a súa extensión.
- Dominio en todo o referente á articulación, dinámica e dicitación.
- Estudo do repertorio solista do instrumento, adecuada a este nivel.
- Estudo dos exercicios, métodos, obras de concerto e de cámara que se consideren imprescindibles para o dominio da capacidade musical do alumno en relación ó trombón.
- Lectura a vista de obras ou fragmentos adecuados ó nivel.
- Adestramento permanente e progresivo da memoria.

RECURSOS E MATERIAIS DIDÁCTICOS

METODOLOXÍA ESPECÍFICA

ESTUDIOS

- J.B.ARBAN .Estudios característicos.
- H. COUILLAUD. 30 estudios modernos
- J.NAULAIS estudios variados volumen 3
- S.VASILYEV.18 estudios.
- J.ROCHUT, volumen 1.

OBRAS DE CONCERTO

- Concerto para Trombón F.David.
- Sonata para Trombón e Piano de Paul Hindemith.
- Sa Majesté le trombone R.Duclos.
- Fantasie .S.Stojowsky.
- Fantasias 4, 5, 6 para Trombón só de G. Ph. Teleman.
- Suites Nº 2, 3 para Trombón só de J. S. Bach

O profesor poderá escoller outras obras dunha dificultade semellante se o considera oportuno.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Interpretar públicamente obras solistas de estilos e épocas diferentes e adecuadas ao nivel. *Con este criterio preténdese avaliar a capacidade do alumno para desenvolverse con autonomía no escenario e ante un público, así como a adecuación interpretativa ao carácter e ao estilo da música interpretada.*



DEPARTAMENTO DE VENTO METAL

ESPECIALIDADE PEDAGOXÍA DA LINGUAXE E DA EDUCACIÓN MUSICAL

MATERIA: INSTRUMENTO PRINCIPAL TROMBÓN

- Mostrar nos estudos e obras, a capacidade de dominio na execución sen desligar os aspectos técnicos dos musicais. *Mediante este criterio preténdese avaliar o coñecemento que o alumno posúe do repertorio do trombón e das súas obras máis representativas, así como o grado de sensibilidade para aplicar os aspectos técnicos, teóricos e estéticos no seu execución.*
- Demostrar na interpretación unha autonomía necesaria e de acordo cos criterios do estilo correspondente. *Este criterio pretende comprobar a capacidade do alumno na liberdade de interpretación dentro do respecto ao texto e o seu concepto persoal estilístico da obra.*
- Demostrar nos estudos e obras, a capacidade de resolución de problemas técnicos e interpretativos e a súa aprendizaxe progresiva. *Con este criterio preténdese verificar que o alumno é capaz de aplicar no seu estudo as indicacións do profesor e con iso a súa capacidade de autocrítica.*
- Interpretar de memoria obras do repertorio solista de acordo cos criterios do estilo correspondente. *Este criterio avalía o dominio e a comprensión que o alumno posúe das obras, así como a capacidade de concentración e reacción ante os resultados sonoros obtidos.*
- Mostrar fluidez e comprensión na lectura a vista. *Con este criterio preténdese constatar o dominio do alumno na repentización e comprensión de estruturas formais.*

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

1. SISTEMAS DE CUALIFICACIÓN

- Avaliación continua: observación diaria e sistemática, da actitude, evolución e traballo desenvolvidos polo alumno. Os alumnos perderán o dereito á avaliación continua si as faltas de asistencia inxustificadas superan o 20 % do total das clases de cada cuatrimestre.
Este apartado suporá o 40% do total da cualificación.
- Cada alumno fará dúas audicións anuais dentro das programadas polo Departamento, nas que interpretará obras de concerto ou literatura solista programada no curso, nunha duración aproximada de quince minutos en cada unha das audicións. As obras que así o requiran levarán acompañamento.
Este apartado suporá o 40% do total da cualificación.
- Durante o curso faranse dous exames, un coincidindo aproximadamente co final do primeiro cuatrimestre e outro co final do 2º cuatrimestre (final de curso), onde o alumno presentará seis estudos diferentes dos programados nos libros e



DEPARTAMENTO DE VENTO METAL

ESPECIALIDADE PEDAGOXÍA DA LINGUAXE E DA EDUCACIÓN MUSICAL

MATERIA: INSTRUMENTO PRINCIPAL TROMBÓN

métodos do curso, realizarase un exercicio de lectura a vista, e o alumno mostrará un estudo ou obra de memoria.

Este apartado suporá o 20% do total da cualificación.

2. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- Valoración da evolución: valoración diaria polo profesor da efectividade do plan de estudos do alumno, dos avances e dos problemas surxidos. Avaliación inicial, progresiva e final. *Terá unha puntuación de 0 a 10 puntos.*
- Ficha de Audicións: rexistro nunha ficha do acontecido nas Audicións desenvolvidas, reseñando as incidencias das mesmas. *Nesta ficha marcarase unha puntuación de 0 a 10 puntos.*
- Ficha de exame: rexistro nunha ficha da mostra do presentado polo alumno no exame respectivo. *Nesta ficha marcarase unha puntuación de 0 a 10 puntos*

4. PUBLICIDADE

Os alumnos terán con suficiente antelación a través do Departamento das datas concretas das Audicións e os Exames correspondentes. Así mesmo o final do primeiro cuadrimestre os alumnos coñecerán a través do profesor a cualificación parcial obtida, a modo orientativo. No segundo cuadrimestre a cualificación será xa a oficial e definitiva.

ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E REFORZO

1. PRIMEIRO CUADRIMESTRE

Os alumnos que pola súa cualificación, non superaran os obxectivos no primeiro cuadrimestre, poderán aproba-lo coa superación das diferentes probas do 2º cuadrimestre (final de curso).

2. SEGUNDO CUADRIMESTRE

Os alumnos que pola súa cualificación, non superaran os obxectivos no segundo cuadrimestre, realizaráselle unha actividade de recuperación no mes de xuño, consistente en:

- a) Presentación de doce estudos dos programados no curso
- b) Un programa dunha duración de 30 minutos aproximadamente de obras de concerto ou literatura solista programadas no curso. As obras que así o requiran levarán acompañamento.
- c) Un exercicio de lectura a vista
- d) Unha obra ou estudo de memoria

Esta actividade valorase de 0 a 10 puntos, sendo necesaria para a súa superación un mínimo de 5 puntos.



DEPARTAMENTO DE VENTO METAL

ESPECIALIDADE PEDAGOXÍA DA LINGUAXE E DA EDUCACIÓN MUSICAL

MATERIA: INSTRUMENTO PRINCIPAL TROMBÓN

3.EXAMES DE SETEMBRO

Os alumnos que pola súa cualificación, non superaran os obxectivos do curso, terán a posibilidade de presentarse ós exames de setembro, que consistirán en:

- a) Presentación de doce estudos dos programados no curso
- b) Un programa dunha duración de 30 minutos aproximadamente de obras de concerto ou literatura solista programadas no curso. As obras que así o requiran levarán acompañamento.
- c) Un exercicio de lectura a vista
- d) Unha obra ou estudo de memoria

Esta actividade valorase de 0 a 10 puntos, sendo necesaria para a súa superación un mínimo de 5 puntos.